



# Campa escola

**Primavera 2023**

Concello de



Oleiros

**CAMPAMENTO DE TRES DÍAS** onde os nenos e nenas a través de actividades dinámicas e educativas, aprenderán de forma lúdica en contacto coa natureza e co medio, traballaremos na súa autonomía persoal e na adquisición de hábitos saudables. Levarán a cabo obradoiros ao aire libre, horta ecolóxica, itinerarios e xogos tradicionais e sobre todo grandes xogos de animación.

PROGRAMA PARA O GRUPO DE PEQUENOS

|                      | 1º DÌA                                                                                            | 2º DÌA                                                               | 3º DÌA                                                                                                                   |
|----------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 09.00<br>ás<br>09.30 | Recibimento dos nenos e nenas e as súas familias.<br>Pintamos a primavera                         |                                                                      |                                                                                                                          |
| 09.30<br>ás<br>10.00 | Asemblea inicial<br>Programa xeral,<br>normas de convivencia<br><br>Contos nas árbores            | Asemblea,<br>programa do día<br><br>Contos nas árbores               | Asemblea, programa do día,<br>Campa - Encontro:<br>compartimos xogos e<br>actuacións, os grupos de<br>maiores e pequenos |
| 10.00<br>ás<br>10.30 | Xogos de<br>presentación e<br>cooperativos                                                        | Itinerario ambiental<br>a San Pedro de Nós<br>(en bus)               | Roteiro ambiental a pé<br>á Illa de Santa Cruz                                                                           |
| 10.30<br>ás<br>11.15 | Obradoiro reciclaxe<br>Prismáticos máxicos e<br>catalexos de cores                                |                                                                      |                                                                                                                          |
| 11.15<br>ás<br>11.30 | Merendiña                                                                                         | Paseo pola finca da<br>Carballeira e xoguiños<br>ambientais no campo | Merendiña, contos<br>de piratas e xogos<br>arredor do Castelo                                                            |
| 11.30<br>ás<br>12.00 | Tempo libre.<br>Xogos no parque                                                                   | Merendiña a sombriña<br>das árbores                                  |                                                                                                                          |
| 12.00<br>ás<br>13.40 | Horta ecolóxica<br>Coidado e plantación,<br>sementeira e busca da flor<br>máxica e ovos de Pascua | Xincana de xoguiños<br>populares                                     | Olimpíada de Primavera<br>no Parque das Torres                                                                           |
|                      |                                                                                                   |                                                                      | Festival da primavera co<br>grupo dos maiores                                                                            |
| 13.40<br>ás<br>14.00 | Asemblea, diario e<br>lembianza do día                                                            | Asemblea, diario e<br>lembianza do día                               | Asemblea final, e<br>despedida agarimosa                                                                                 |

PROGRAMA PARA O GRUPO DE MAIORES

|                      | 1º DÌA                                                                                        | 2º DÌA                                                                           | 3º DÌA                                                                                                                   |
|----------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 09.00<br>ás<br>09.30 | Recibimento dos nenos e nenas e as súas familias.<br>Pintamos a primavera                     |                                                                                  |                                                                                                                          |
| 09.30<br>ás<br>10.00 | Asemblea inicial<br>Programa xeral,<br>normas de convivencia<br><br>Xogos de presentación     | Asemblea,<br>programa do día<br>Contos e cantos<br>primaveraes e<br>xogos varios | Asemblea, programa do día,<br>Campa - Encontro:<br>compartimos xogos e<br>actuacións, os grupos de<br>maiores e pequenos |
| 10.00<br>ás<br>10.30 | Xogo de pistas da<br>Primavera e busca<br>do ovo de Pascua no<br>Parque das Torres            | Ruta ambiental a pé<br>Costa Libre                                               | Visita ao Parque<br>da Capela (en bus)                                                                                   |
| 10.30<br>ás<br>11.15 | Horta ecolóxica:<br>coidado e plantación                                                      |                                                                                  |                                                                                                                          |
| 11.15<br>ás<br>11.30 | Merendiña                                                                                     | Merendiña                                                                        | Merendiña e tempo libre                                                                                                  |
| 11.30<br>ás<br>12.00 | Tempo libre.<br>Xogos no parque<br>ou no patio                                                | Paseo polo Parque<br>das Trece Rosas                                             | Xogos ambientais nos<br>espazos verdes                                                                                   |
| 12.00<br>ás<br>13.40 | Paseo polo viveiro e<br>Obradoiro de Bolsiñas<br>de algodón estampadas<br>con flores e follas | Investigamos<br>a baixamar en<br>Bastigueiro Pequeno                             | Festival da primavera<br>cos pequenos                                                                                    |
| 13.40<br>ás<br>14.00 | Asemblea grupal, diario<br>e lembianza do día                                                 |                                                                                  | Asemblea final avaliativa<br>despedida agarimosa                                                                         |

### ● PRAZAS:

- 50 para nenos e nenas nados entre 2012 e 2019.

● **DATAS:** do 3 ao 5 de abril en horario de 09.00 a 14.00 h.

● **DESTINATARIOS/AS:** alumnado de Educación Infantil e Primaria.

● **LUGAR:** CEIP Isidro Parga Pondal.

● **PREZO:** 19,00 euros.

● **PREINSCRICIÓN:** desde o 13 ao 19 de marzo.

Farase cubrindo o seguinte formulario de inscrición no seguinte vínculo:

<https://forms.gle/cF8a7RnaCRtByLQs8>

Podes acceder tamén escaneando o código QR ►



● **SORTEO:** se hai máis solicitudes que prazas ofertadas en cada grupo, terá lugar un sorteo o día 20 de marzo na Fábrica ás 11.30 h, no que terán preferencia os participantes empadroados.

● **INSCRICIÓN:** do 21 ao 25 de marzo os participantes con praza terán que formalizar a inscrición preferentemente por correo-e ([ensino@oleiros.org](mailto:ensino@oleiros.org)) enviando o xustificante de pago cuberto e aboadado.

● **REUNIÓN INFORMATIVA:** o día 30 de marzo ás 20.00 h no Auditorio da Fábrica en Sta. Cristina.

### QUE HAI QUE LEVAR?

- Unha mochila pequena e cómoda para os paseños.
- A merendiña sana e saudable para a media mañá.
- Calzado cómodo e axeitado para camiñar e traballar na horta, que non sexa de estrea.
- Roupa cómoda e axeitada ao tempo atmosférico.
- Unha muda para posibles continxencias.
- Gorriña ou pucho para o sol ou o frío.
- Chuvasqueiro, por se chove.
- Cantimplora ou botella de auga.
- Un caderniño e un lápis: para recoller as sorpresas con palabras e bonitos debuxos.
- Lembra de marcar toda a roupa e material que leven os nenos e nenas.

### Outro material que tamén podes levar: ▼

- Prismáticos: servirán para observar as aves e as paisaxes.
- Instrumento de música pequeno.
- Contos.

**Cada día informaremos aos pais e nais para que saiban o material que se necesita para o día seguinte.**

Máis información

**SERVIZO MUNICIPAL  
DE EDUCACIÓN**

Teléfono: 981-610000 • Extensión 4922

Correo-e: [ensino@oleiros.org](mailto:ensino@oleiros.org)

**HORARIO XERAL:**

O horario do CAMPAESCOLA é de

**09:00 a 14:00 h.**

